

Organización e ordenación da colección da Biblioteca da EUAT


A maior parte da colección da biblioteca está organizada en libre acceso; é dicir, que o usuario pode coller directamente do andel o libro que precise sen necesidade de solicitalo ao persoal da biblioteca.

Este fondo de libre acceso está colocado nos andeis segundo un sistema de clasificación por materias denominado Clasificación Decimal Universal (CDU) ao que lle sigue un número sucesivo chamado número *currens*.

As materias nas que está organizada a colección segundo a CDU son as seguintes:

CDU	Materia	CDU	Materia
Andar baixo		Primeiro andar	
004	Informática	691	Materiais
004:69	Informática e Edificación	699	Seguridade e hixiene
004:72	Arquitectura dixital	7	Historia da arte (sen arquitectura)
006	Normas	71	Urbanismo
33	Economía	712	Paisaxismo
34	Dereito. Lexislación	72.01	Teoría arquitectónica, tratados
378	Educación e Socioloxía	72.02	Restauración e rehabilitación . Patoloxía
504	Medio ambiente	72.03	Historia da arquitectura e da construción
504:72	Arquitectura e medio ambiente	72.067	Arquitectura popular
51	Matemáticas	721	Edificios
515	Xeometría descritiva	74	Debuxo e Decoración
528	Topografía	747	Interiorismo
528.4	Presupostos, medicións, taxacións e valoracións	76	Artes gráficas e Deseño
53	Física	77	Fotografía
624	Estruturas	802	Gramáticas. Linguas
624.1	Mecánica do solo, maquinaria...		
628	Instalacións	Segundo andar	
658	Organización de empresas, obras, calidade, xestión...		
659	Información comercial. Catálogos	03	Dicionarios e obras de referencia
69	Construción	9	Xeografía e Historia

Por exemplo, unha obra que trate sobre historia da construción estará situada na materia 72.03 *Historia da arquitectura e da construción* e representarase así:




Casos especiais:

- **Exemplares:** cando dispoñemos de varios exemplares dunha obra, a cada un deles, excepto ao primeiro, asignáselles unha letra que o diferencia dos demais: A, B...
- **Volumes:** cando a obra consta de varios volumes, cada un deles identifícase co o seu número correspondente, en arábigo e entre parénteses: (1), (2)...

Todas estas informacións forman a *signatura* que é o conxunto de datos que identifican a cada exemplar e que serve para localizalo no andel. Cada libro leva a súa *signatura* nunha etiqueta pegada ao lombo.

Outras etiquetas que podemos atopar:



Bibliografía recomendada




Consulta en sala, excluído de préstamo



Tamén en libro electrónico

Vexamos o exemplo do libro *Actas del Sexto Congreso Nacional de Historia de la Construcción: Valencia, 21-24 de octubre de 2009*.



Unha parte pequena da colección non sigue a notación da CDU para a súa clasificación.

Signatura	Materia	Situación
BIC	Biblioteca de interese cultural	Primeiro andar / libre acceso
BP	Obras relacionadas coa Biblioteconomía (traballo técnico)	Fondo pechado
CD-ROM	Obras que están en formato de disco compacto.	Andar baixo / libre acceso
DVD	Obras que están en formato DVD.	Andar baixo / libre acceso
DEP	Obras con pouco uso	Fondo pechado
M (monografías)	Monografías sobre un arquitecto o sobre un edificio.	Primeiro andar
MAPAS	Material cartográfico	Fondo pechado
TFC	Traballos de fin de carreira	Fondo pechado
TFG	Traballos de fin de Grao	Fondo pechado
TFM	Traballos de fin de Mestrado	Fondo pechado
VÍDEOS	Obras que están en formato vídeo.	Andar baixo / libre acceso